

Texto polifónico

Memoria e diálogo xeracional



FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

CA

E

A novela gañadora do Premio Blanco Amor 2006, *Mentres a herba medra*, pretende ser unha mostra representativa da actual narrativa de formato longo. Novelas nas que o lector xa non recibe unha mensaxe claramente expresada por medio da introdución, o nó e o desenlace, senón que, pola contra, é empuxado a penetrar nunha sorte de labirinto que quere ser suxestivo. Xa non é fundamental a narración de accións ou dunha serie de episodios que acontecen a través do tempo. Algo semellante acontece coa súa temática. A novela nos nosos días estase a converter no estudio da alma humana, das relacións sociais, en reflexión filosófica, en testemuño polémico. Tamén nunha sorte de barómetro para medir “o tempo xeracional”, o aire dunha o de varias xeracións. Soamente tendo en conta algunhas destas coordenadas, resulta lexítimo catalogar e valorar como novela a última entrega de Xesús Rábade Parades, pois, se a algo aspira *Mentres a herba medra*, é a presentarlle ao lector unha visión do mundo, á marxe deses elementos estruturais canónicos e tradicionais.

NOVELA DE TESE
SOBRE A QUE
PAIRAN MOITOS
IDEAIS E NON
POUCOS

REXEITAMENTOS

En efecto, *Mentres a herba medra* é unha verdadeira saga familiar, mais o que o seu autor nos relata non son os aconteceres da súa estirpe, senón o “aire familiar, as ideas, sensacións e experiencias de tres xeracións sucesivas da mesma familia, confrontando así as visións do mundo dos avós, dos pais e dos netos/fillos. E á vez, as da Galicia rural, espazo dos avós e en parte tamén dos pais, e as da cidade na que medraron os máis novos. Todo iso coa pretensión de facernos presente desde unha fabulación que se nutre de moitas experiencias vividas, a actual sociedade galega.

Un narrador en primeira persoa que se converte tamén en protagonista e

que non se afasta demasiado da conciencia individual do propio autor, segundo podemos ler no mesmo texto (“Autor e narrador son algo siameses e dispútanse o espazo da palabra”), testemuña o encontro e o cruzamento das tres liñas xeracionais, cos seus universos, os seus avós e traxedias. A dos avós que viviron e foron vítimas do tempo da tiranía, anos de gavia e cemiterio; a dos pais q u e

Novela de historias cruzadas, de permanente diálogo crítico e memorialista entre xeracións e entre as dúas Galicias, a urbana e a rural, que no relato soamente aparece evocada. Novela de tese sobre a que pairan moitos ideais e non poucos rexeitamentos. A prol da tolerancia, do pensamento diverxente, da recuperación do río da memoria, do rescate das palabras. E contra os fanatismos, os penedos arestados das ideoloxías e dos dogmas, contra os que quere gobernar a



v i d a
dos demais e le-
van arraigado un
inquisidor dentro de si.

Texto polifónico, cun fondo rítmico de jazz, cun macro protagonista colectivo -e cuxa estrutura reside na sucesión de planos e imaxes-, cun código lingüístico moi selecto e cunha armazón estilística de grande calidade. Como mostra, esa herba que xa xorde no título, metáfora de todo renacer.

RÁBADE PAREDES,
Xesús, Mentres a herba medra, Ed. Galaxia, Vigo,
2007, 199 páxinas.